

CONCELLO DE XOVE

PLENO DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 DE XUÑO DE 2011.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a María Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez.

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día dezasete de xuño de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR DE 11 DE XUÑO DE 2011.- ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 11 de xuño de 2011.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 11 de xuño de 2011.

2º) PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO CORPORATIVO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se

transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello á vista do disposto no Art. 46.2.a da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local,

PROPÓNSE:

1.- A fixación da periodicidade bimestral das sesións ordinarias do pleno municipal, celebrándose os segundos luns dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro, ás 19 horas da tarde.

2.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999 de 21 de abril modificadora da mesma.

Aberto o debate, os Sres. López López (BNG) e Santos Vázquez (PSdeG-PSOE), amosan a súa conformidade coa proposta transcrita.

Rematado o debate, o concello pleno, por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta de alcaldía anteriormente transcrita.

3º) CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIONS INFORMATIVAS DE CARÁCTER PERMANENTE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia deste concello á vista do disposto no art. 46.2.a da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local,

PROPÓNSE:

De conformidade co disposto no Art. 127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, proponse ó pleno a creación da Comisión Especial de Contas, que a tenor do apdo. 3º do artigo antedito poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda do Concello de Xove.

A Comisión Especial de Contas, informará e emitirá ditame, en todo caso no expediente de aprobación da Conta Xeral do Presuposto Municipal; no expediente de aprobación do presuposto municipal para cada exercicio e nos expedientes de aprobación, modificación ou revocación das ordenanzas fiscais.

Igualmente se dará conta, durante o terceiro trimestre de cada ano, á Comisión Especial de Contas do informe sobre o estado de execución do orzamento municipal ó que se refiren os artigos 207 da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 105 da Instrución de Contabilidade.

A composición da citada Comisión Especial de Contas, cuia presidencia corresponde ó Sr. Alcalde Presidente, será a seguinte:

- *4 Vocais designados polo Grupo Municipal do Partido Popular (Os Sres. Concelleiros D. José Manuel González Álvarez, Dª Ana María Abad López, Dª María Dolores Meitin Guerreiro e Dª Cristina Iglesias Guerreiro*
- *1 Vocal designado polo Grupo Municipal do BNG.*
- *1 Vocal designado polo Grupo Municipal do PSdeG PSOE.*

Ós efectos de constituí-la citada Comisión coa maior brevidade posible, os portavoces dos grupos municipais do BNG e do PSdeG PSOE, deberán comunicar mediante escrito dirixido ó Secretario Municipal, o nome do Concelleiro designado para formar parte da citada Comisión.”

Aberto o debate, polo Sr. López López (BNG), manifestase en primeiro lugar que o seu grupo designa vocal da Comisión Informativa de Contas a D. Marco López López, e suplente a D. José Manuel López Hermida.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que, obviamente será él mesmo quen ocupe o posto de vocal da Comisión Informativa de referencia.

Polo Sr. Alcalde manifestase que ademais da creación desta Comisión Especial de Contas, que é unha esixencia legal, nesta mesma sesión está previsto someter ó coñecemento e votación do pleno corporativo, a creación da Xunta de Portavoces, que en certa medida terá as mesmas funcións que a Comisión existente noutros concellos, encargada do estudo previo dos asuntos que despois se coñecerán e debaterán no Pleno.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda crea-la Comisión Informativa Especial de Contas, coas funcións e integrantes refectidos no corpo do presente acordo.

4º) NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no Artigo 38 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro; proponse o nomeamento das persoas que se sinalarán para os órganos colexiados que se mencionan:

- *Consello Escolar do Colexio Público de Xove: D^a Dolores Meitin Guerreiro.*
- *Consello Escolar do IES: D^a Dolores Meitin Guerreiro.*
- *Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa: D. José Demetrio Salgueiro Rapa e D. José Manuel González Álvarez.*
- *Asociación para o Desenvolvemento Turístico da Mariña Lucense: D^a Cristina Iglesias Guerreiro.*

Nos restantes órganos colexiados en que poda corresponder a representación da corporación, será ostentada pola Alcaldía, de conformidade co art. 21.1.b da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.”

Aberto o debate, os Sres. López López (BNG) e Santos Vázquez (PSdeG-PSOE), amosan a súa conformidade coa proposta transcrita.

Rematado o debate, o concello pleno, por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta de alcaldía anteriormente transcrita.

5º) CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia do Concello á vista do disposto no Art. 20 apdo. b da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local de 2 de abril, no que se establece que a Xunta de Goberno Local existirá nos municipios con poboación de dereito inferior a 5.000 Habitantes, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o aprrobe o Pleno do Concello, proponse ó Pleno Municipal:

A creación da Xunta de Goberno Local do Concello de Xove; dito órgano celebrará sesión ordinaria os segundos martes de cada mes, ás 10 horas.”

Aberto o debate, o Sr. López López manifesta que no cercano Concello de Ribadeo, o BNG, que obtivo maioría absoluta, ven de ofrecer ó partido popular como principal partido da oposición, un posto na Xunta de Goberno Local, o que constitúe un claro exemplo do que o BNG considera unha administración participativa e transparente.

Polo Sr. Alcalde manifestase que non é comparable a representatividade obtida polos diferentes grupos políticos nun concello e outro, engadindo que por razóns de exclusiva eficiencia e axilidade, parece que ó máis lóxico é que a Xunta de Goberno Local sexa integrada polos concelleiros que teñen ó seu cargo a xestión permanente dos asuntos municipais.

Polo Sr. López López manifestase que a axilidade é a eficiencia non ten que estar reñida coa transparencia e o bó talante.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que está de acordo coa idea plantexada polo portavoz do BNG.

Rematado o debate, a Corporación cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco e coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda a aprobación da proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

6º) RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDÍA, INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da resolución da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co art. 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, désígnanse Tenentes de Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, presidida polo Sr. Alcalde, ós Sres. Concelleiros que seguidamente se relacionan:

- *D. José Manuel González Álvarez, 1º Tenente de Alcalde.*
- *D. Ana María Abad López, 2º Tenente de Alcalde.*
- *Dª María Dolores Meitin Guerreiro, 3º Tenente de Alcalde.*

A Corporación Municipal dáse por enterada.

7º) DELEGACIÓNS DE ATRIBUCIÓNS DE ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da resolución da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no Art. 43.2. do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e coa excepción das atribucións a que se refiren os art. 21.3 e 71 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local de 2 de abril, procédese a efectuar-la delegación que se formalizará mediante decreto do mesmo día de celebración do pleno municipal; deléganse na Xunta de Goberno Local as atribucións seguintes:

- *O otorgamento de licencias de obra maior, entendendo por tales aquelas nas que para o seu otorgamento sexa preceptivo a presentación de proxecto técnico de execución.*
- *A concesión de subvencións en aplicación das bases regulamentadoras que en cada caso sexan aprobadas por calquera outro órgano corporativo.*

A Delegación de atribucións referida efectúase reservándose a Alcaldía a posibilidade expresa de avocación de calquera das atribucións delegadas por razóns de urxencia, dando conta neste caso á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo no seu caso da publicación que proceda.

En calquera caso, quedan fora da presente delegación, aquelas competencias da Alcaldía expresamente reflectidas nas bases de execución do presuposto municipal.

Sen prexuízo de todo isto, os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, en relación coas materias delegadas terán o mesmo valor que as resolucións ditadas pola Alcaldía, en exercicio das atribucións que non delegara.

A Corporación Municipal dáse por enterada.

8º) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Por parte da Alcaldía-Presidencia a tenor do disposto no art. 51.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (Real Decreto 2.568/86 de 28 de novembro) proponse ó Pleno Municipal:

1º A delegación da totalidade das atribucións delegables do Pleno na Xunta de Goberno Local, a excepción das enumeradas como indelegables segundo o art 22.4 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local de 2 de abril, na súa vixente redacción.

2º A delegación referida efectúase nos termos do réxime xeral establecido no regulamento antedito, abarcando tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos e acordos administrativos que afecten a terceiros.”

Aberto o debate, polo Sr. López López, manifesta que o seu grupo está en contra da perda de protagonismo do pleno corporativo que é o máximo órgano de representación municipal.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a experiencia destes últimos 4 anos, amosou a necesidade de favorecer a axilidade da administración municipal, sendo necesario polo tanto, desligar da convocatoria formal dun pleno corporativo a toma de decisións de carácter ordinario.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que non ten nada que opoñer á proposta de referencia.

Rematado o debate, a Corporación cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco e Santos Vázquez e o voto en contra dos Sres. López López e López Hermida, acorda a aprobación da proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE INDEMNIZACIÓNS POR CONCORRENCIA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS E RÉXIME E CONTÍA DE DIETAS E GASTOS DE KILOMETRAXE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Proposta da Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no art. 13. 6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, ó pleno municipal, relativa ás indemnizacións pola concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados de que formen parte, nas contías que para cada un deles se sinalan:

a) Asistencias por concorrencia a sesións:

- *Comisións informativas: 30 € por sesión.*
- *Xunta de Goberno Local : 70 € por sesión.*
- *Sesións de Pleno Municipal: 80 € por sesión.*

Conforme o disposto na base de execución do orzamento municipal nº 39, letra C, os membros da Corporación que teñan recoñecida polo Concello Pleno dedicación exclusiva ou parcial, con percepción de retribucións, non terán dereito ó cobro das indemnizacións referenciadas; igualmente cando teña lugar a asistencia a máis de 1 órgano colexiado no mesmo día, somentes se abonará o correspondente á indemnización pola asistencia a unha única sesión (a de maior contía de indemnización).

b) Dietas e kilometraxe: Serán de aplicación as reflectidas nas vixentes Bases de Execución do Presuposto Municipal que se corresponden coas do Grupo 1, reflectidas no R.D. 462/2002 de 24 de maio.

Igualmente será de aplicación no que se refire á xustificación dos gastos efectivamente realizados, o previsto nas citadas bases de execución presupostaria.”

Polo Sr. Alcalde manifestase que a cuantía das indemnizacións sofren unha rebaixa en torno ó 10% respecto das ata agora vixentes.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

10º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DO ALCALDE-PRESIDENTE, E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓNS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, proponse ó Pleno Municipal que o desempeño do cargo da Alcaldía, se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva, cunhas retribucións anuais de 14 pagas de 3.866,24 € brutos (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).

A cantidade citada, incrementarase para exercicios sucesivos, do mesmo xeito que para o persoal integrado no cadro de persoal do Concello de Xove, segundo o establezan as respectivas Leis de

presupostos xerais do Estado, e demais normativas de aplicación; igualmente devengaránse os trienios a ós que formalmente teña dereito por antigüedad, en virtude da súa condición de persoal laboral fixo do Concello de Burela.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que as retribucións propostas son idénticas ás percibidas ata agora, sen incremento de ningunha clase.

Polo Sr. López Hermida (BNG) manifestase a súa intención de falar conxuntamente, verbo das 4 dedicacións (2 exclusivas e 2 parciais) que o goberno municipal do Partido Popular ten previsto para xestionar o Concello de Xove; deixando desde un principio totalmente claro o seu máximo respecto a nivel persoal de todos e cada un dos concelleiros integrantes da Corporación, e da súa capacidade e responsabilidade para o exercicio do cargo. Dito esto, o Sr. López Hermida manifesta que o BNG considera totalmente excesivas as dedicacións que se propoñen, tendo en conta as características do Concello de Xove, como poden ser o seu número de habitantes e a plantilla de persoal de que dispón o Concello, e mesmo tendo en conta unha análise comparativa coa xestión de Concellos limítrofes ó de Xove. Neste sentido, o BNG considera que dúas dedicacións exclusivas son máis que suficientes para xestionar correctamente a administración municipal.

Remata a súa intervención o Sr. López Hermida, sinalando que a súa intervención refírese única e exclusivamente ó número de adicacións exclusivas que se propoñen, xa que a contía das retribucións que se pretenden cobrar polos concelleiros liberados, e unha cuestión de ética política, e mesmo persoal do Partido Popular e de cada un dos concelleiros afectados.

Polo Sr. Alcalde considerase que as comparacións entre concellos teñen que facerse non só atendendo ó número de habitantes senón á cantidade e calidade dos servizos que cada un dos concellos presta ós seus veciños, e neste sentido está fora de toda dúbida que os servizos, tanto en cantidade como en calidade que o Concello de Xove pon a dispor dos seus habitantes e moi superior á media dos servizos que ofertan outros concellos que o triplican en poboación.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que o control e coordinación de tódos esos servizos xustifican as dedicacións exclusivas e parciais, cuia aprobación se propón, máxime se unha das dedicacións parciais corresponde a unha concelleira que por razóns legais non pode seguir por incompatibilidade como traballadora integrada na plantilla municipal.

Polo Sr. López Hermida sinalase que as xustificacións do Sr. Alcalde son admisibles e razoables, pero no fondo fan dubidar das promesas de austeridade que día tras día están a proclamar os dirixentes do Partido Popular.

Remata a súa intervención o Sr. López Hermida manifestando que en todo caso hai un dato que ten que ser motivo de ledicia e de honra para tódolos membros desta Corporación, que é o feito de estar debatendo sobre o tema das dedicación e das retribucións dun xeito razoable e correcto, evitando o bochornoso espectáculo que se deu neste salón de sesións fai 4 anos.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que á data de hoxe, hai moita xente, sobre todo xente nova, totalmente indignada por falla de futuro, que á data de hoxe estamos padecendo unhas situacións de crise gravísima, e o paro, sobre todo xuvenil constitúe unha lacra social de moi difícil reparación; por todas esas razóns, considera que o Grupo de Goberno, en lugar de aumentar as dedicacións exclusivas ou parciais, debería de intentar reducilas, deixándoas en 2 dedicacións exclusivas ou en 1 dedicación exclusiva e 2 parciais.

Polo Sr. Alcalde reitéranse os argumentos anteriormente expostos, como xustificativos das súas propostas.

Polo Sr. López López manifestase que o Concello de Xove, ten uns excelentes profesionais na súa plantilla, e na súa consecuencia, ese feito, non só non xustifica o aumento de concelleiros con dedicacións exclusivas ou parciais, senón que o razoable sería potencia-lo traballo de ditos traballadores, e non substituílos nas súas funcións por políticos.

Rematado o debate, a Corporación cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco, López López e López Hermida, e coa abstención do Sr. Santos Vázquez acorda a aprobación da proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

11º) DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA EN DIVERSAS ÁREAS DE SERVIZOS E XESTIÓNS MUNICIPAIS. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia, de conformidade co disposto no Art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico, establécense as seguintes Delegacións por áreas de xestión e servizos municipais.

- *Delegado de Comercio, Industria e Obras: o Concelleiro e Primeiro Tenente de Alcalde, D. José Manuel González Álvarez.*
- *Delegada de Servizos Sociais, Sanidade, Xuventude, Muller, e Políticas de Igualdade: A Concelleira e Segundo Tenente de Alcalde, D^a Ana Abad López.*
- *Delegada de Agricultura, Gandería, Montes, Educación e Cultura: A concelleira e Terceira Tenente de Alcalde, D^a María Dolores Meitin Guerreiro.*
- *Delegada de Deportes e Turismo : A concelleira, D^a Cristina Iglesias Guerreiro.*
- *Delegado de Medio Ambiente, e Dinamización de parroquias: A D. José Manuel Balseiro Canoura.*
- *Delegado de Dinamización de parroquias: A D. Manuel Angel Meitin Rouco.*
- *Delegada de Dinamización de parroquias: A D^a María Rosario Balseiro López.*

As citadas delegacións, abranguen tanto á facultade de dirección como de xestión das áreas e servizos correspondentes, sen facultades de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros.”

A Corporación dáse por enterada.

12º) CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS, CON DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES. DAR CONTA.

Por Secretaría, dáse conta á Corporación, dos escritos presentados por tódolos grupos políticos con representación na Corporación municipal que a seguir se relacionan:

- Escrito presentado por D. José Demetrio Salgueiro Rapa ós efectos do disposto no Art. 24 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, comunica a constitución do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), integrado polos seguintes membros: D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Manuel González Álvarez, D^a Ana María Abad López, D. José Manuel Balseiro Canoura, D^a María Dolores Meitin Guerreiro, D^a Cristina Iglesias Guerreiro, D^a María Rosario Balseiro López e D. Manuel Angel Meitin Rouco, actuando como voceiro titular do mesmo, D. José Manuel González Álvarez, e como voceiro suplente, D^a Ana María Abad López.
- Escrito presentado por D. Marco López López, na representación do BNG na que comunica a constitución do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), integrado polos concelleiros D. Marco López López e D. José Manuel López Hermida, actuando como voceiro titular do mesmo, D. Marco López López e como voceiro suplente D. José Manuel López Hermida.
- Escrito presentado por D. Alberto Santos Vázquez na representación do PSdeG-PSOE na que comunica a constitución do Grupo Municipal do (PSdeG-PSOE) integrado polo propio concelleiro D. Alberto Santos Vázquez quen actuará como voceiro do mesmo.

O Concello Pleno dáse por enterado.

13º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DOTACION ECONÓMICA ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia proponse ó Pleno Municipal a adopción de acordo polo que:

a) Fixase unha dotación económica para Grupos Políticos da Corporación segundo o disposto no art. 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril co seguinte desglose:

- 1.-Compoñente fixo para cada grupo político: 150 Euros anuais.
- 2.-Compoñente variable: 100 Euros ó mes por cada Concelleiro, é dicir, 1.200 Euros ó ano por cada concelleiro integrado no Grupo.

Tódolos Grupos Municipais deberán solicitar a obter da Axencia Tributaria, o correspondente CIF.”

A Corporación municipal por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

14º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN DA XUNTA DE PORTAVOCES. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía, á vista da existencia xa no anterior mandato deste órgano complementario municipal, e manifestándose o criterio de mantelo nas mesmas condicións , proponse :

- 1º) *A creación como órgano complementario municipal de carácter informativo da Comisión de Portavoces dos Grupos Municipais que integran a Corporación, que baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, estará constituída polos portavoces de cada Grupo Político.*
- 2º) *A fixación da cantidade de 30 Euros en concepto de indemnización pola asistencia efectiva ás reunións que dita comisión celebre.*

A Corporación municipal por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

15º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE TERCER TENENTE DE ALCALDE, E DELEGADA DE AGRICULTURA, GANDEIRÍA E MONTES, CULTURA, E EDUCACION POR Dª MARIA DOLORES MEITIN GUERREIRO E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓNS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e Art. 75 da Lei 7/1985, e visto o disposto no Art. 141 da Lei Xeral da Seguridade Social, proponse ó Pleno Municipal:

- 1º) *Que o exercicio por parte da Concelleira e Terceiro Tenente de Alcaldía e Delegada de Agricultura, Gandería e Montes, Educación e Cultura, Dª María Dolores Meitin Guerreiro, se desempeñe en réxime de dedicación exclusiva, por consideralo preciso para o bó servizo os veciños, fixándose unhas retribucións brutas de 14 pagas de 2.356,58 €. (ditas pagas devengaránsese mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).*
- 2º) *A cantidade referida incrementarase para exercicios sucesivos do mesmo xeito que para o persoal do Concello, segundo o establezan as respectivas Leises de Presupostos Xerais do Estado, e normativa de aplicación.*
- 3º) *Facultar a Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisas para o bo fin dos acordos adoptados.”*

Aberto o debate, polo Sr. López López dáse lectura a unha intervención formulada pola cabeza de lista do Partido Popular no Concello de Mondoñedo nas que afirmaba que aprobar máis de unha dedicación exclusiva como Mondoñedo era servirse da política e non servir ós intereses dos veciños. Engade o Sr. López López que en Ribadeo somentes se aprobou unha dedicación exclusiva, é en Concellos como Viveiro, con cinco veces máis poboación que Xove, somentes se aprobaron 1 dedicación exclusiva e 2 parciais.

Remata a súa intervención o Sr. Marco López López, insistindo no feito de que o BNG está a falar única e exclusivamente de dedicacións, reiterando que o tema da contía das retribucións responde única e exclusivamente ó compromiso ético dos interesados.

Polo Sr. Alcalde reiteranse os argumentos transcritos no debate do punto 10º, reiterando que é absurdo comparar as dedicacións duns concellos como Viveiro e Mondoñedo, cunha situación económica gravísima cun concello absolutamente saneado economicamente como Xove, ou igual que é absurdo comparar concellos somentes polo número dos seus habitantes, sen ter en conta o nivel de servizos prestados en cada un deles.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que sería bó coñecer a opinión dos representantes, tanto do BNG como do PSOE sobre este tema das retribucións e as dedicacións dos cargos públicos cando se faigan públicas as retribucións e dedicacións que por tódolos conceptos van ser aprobadas nas próximas datas no seo da Deputación Provincial.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que os Concelleiros non están para substituir nin os funcionarios nin ós traballadores, considerando que moitas das Tarefas que se alegan para xustificar dedicacións exclusivas ou parciais, podían ser perfectamente realizadas polos traballadores municipais.

Rematado o debate, o concello pleno, por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta de alcaldía anteriormente transcrita.

16º PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDA TENENTE DE ALCALDE, E DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE, XUVENTUDE, MULLER E POLITICAS DE IGUALDADE, POR Dª ANA ABAD LOPEZ, E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e Art. 75 da Lei 7/1985, e visto o disposto no Art. 141 da Lei Xeral da Seguridade Social, proponse ó Pleno Municipal:

- *1º) Que o exercicio por parte da Concelleira e Segunda Tenente de Alcaldía e Delegada de Servizos Sociais, Sanidade, Xuventude, Muller, e Políticas de Igualdade, Dª Ana Abad López se desempeñe en réxime de dedicación parcial (15 horas semanais) , por consideralo preciso para o bó servizo os veciños, fixándose unhas retribucións brutas de 14 pagas de 1.001,79€. (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).*
- *2º) A cantidade referida incrementarase para exercicios sucesivos do mesmo xeito que para o persoal do Concello, segundo o establezan as respectivas Leises de Presupostos Xerais do Estado, e normativa de aplicación.*
- *3º) Facultar a Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisas para o bo fin dos acordos adoptados.”*

Enterada, a Corporación cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco e co voto en contra dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda a aprobación da proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

17º PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESEMPEÑO CON DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE CONCELLEIRA DELEGADA DE TURISMO E DEPORTES POR Dª CRISTINA IGLESIAS GUERREIRO, E DETERMINACIÓN DE RETRIBUCIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“De conformidade co disposto no art. 13.3 e 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, e Art. 75 da Lei 7/1985, e visto o disposto no Art. 141 da Lei Xeral da Seguridade Social, proponse ó Pleno Municipal:

- 1º) Que o exercicio por parte da Concelleira Delegada de Turismo e Deportes, D^a Cristina Iglesias Guerreiro, se desempeñe en réxime de dedicación parcial (15 horas semanais), por consideralo preciso para o bó servizo os veciños, fixándose unhas retribucións brutas de 14 pagas de 662,73€. (ditas pagas devengaránse mensualmente, correspondendo ós meses de xullo e decembro o abono das pagas extraordinarias).
- 2º) A cantidade referida incrementarase para exercicios sucesivos do mesmo xeito que para o persoal do Concello, segundo o establezan as respectivas Leises de Presupostos Xerais do Estado, e normativa de aplicación.
- 3º) Facultar a Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisas para o bo fin dos acordos adoptados.”

Enterada, a Corporación cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco e co voto en contra dos Sres. López López, López Hermida e Santos Vázquez, acorda a aprobación da proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as once horas e vinte minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

